



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
*"O FSE inviste no teu futuro"*

**C.P.I. Poeta Uxío Novoneyra**

# **PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

---

## **MATEMÁTICAS**

**ANO ACADÉMICO: 2020-2021**

# ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	3
1.1. Características do centro.....	3
1.2. Características do alumnado .....	3
2. CONSTITUCIÓN E INFORMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS.....	5
3. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	6
4. REFERENCIAS NORMATIVAS.....	7
5. OBTXECTIVOS DE ETAPA (ESO).....	8
6. ANO ACADÉMICO. DISTRIBUCIÓN DE SESIÓNS POR AVALIACIÓN E CURSO OU NIVEL.....	9
7. APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS O CURSO PASADO POR CAUSA DO COVID-19 .....	10
8. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN .....	13
1º ESO. Matemáticas.....	13
2º ESO. Matemáticas.....	16
3º ESO. Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas .....	19
4º ESO. Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas .....	22
9. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, COMPETENCIAS CLAVE, ESTÁNDARES E ELEMENTOS TRANSVERSAIS .....	25
1º ESO. Matemáticas.....	25
2º ESO. Matemáticas.....	30
3º ESO. Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas .....	34
4º ESO. Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas .....	38
10. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS .....	41
11. AVALIACIÓN .....	43
10.1. Avaliación inicial.....	43
10.2. Avaliación continua.....	43
Instrumentos de avaliación:.....	43
10.3. Cualificación dunha avaliación parcial.....	46

10.4. Recuperación dunha avaliación parcial: .....	47
10.5. Cualificación final ordinaria (xuño).....	47
10.6. Avaliación final extraordinaria.....	47
12. MATERIA PENDENTE. ....	48
13. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO APRENDIZAXE. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN. ....	49
12.1. Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente.....	49
12.2. Avaliación da programación didáctica.....	51
14. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .....	52
15. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS. ....	53

# **1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.**

## **1.1. Características do centro.**

### **Situación.**

Lugar Ferrería Vella s/n  
Seoane do Caurel - Folgoso do Caurel  
Lugo

### **Centros adscritos.**

Non ten centros adscritos.

### **Ensinanzas que oferta o centro.**

Este ano o centro conta con tres unidades de ESO, dúas unidades de Educación Primaria e unha unidade de Infantil. En total hai 35 alumnos repartidos do xeito seguinte: 8 alumnos de ESO, 16 de Educación Primaria e 11 de Infantil.

Non se imparte FP Básica nin PMAR.

### **Características singulares.**

O centro está situado nunha zona rural e montañosa, afastada de núcleos grandes de poboación, nunha contorna socioeconómica media-baixa, con arredor de 1000 habitantes e cunha poboación envellecida.

O Claustro de profesores é provisional nun 75% . Isto repercute na organización e na continuidade do traballo dunha maneira significativa.

O centro posúe comedor escolar.

## **1.2. Características do alumnado**

### **Lingua materna dominante.**

O alumnado ten como lingua materna, na súa gran maioría, a Lingua Galega.

### **Alumnado con medidas xerais de atención á diversidade no curso actual en Educación Primaria.**

Existen alumnos/as que durante o pasado curso tiveron Reforzo Educativo e que, en principio, poderían ter continuidade no presente curso.

**Alumnado matriculado na ESO.**

Á espera de posibles novas incorporacións, en 1º de ESO non hai alumnos, en 2º de ESO hai 3 alumnos, en 3º ESO hai 4 alumnos, e en 4º soamente está matriculada 1 alumna.

**Outras características**

O alumnado non ten posibilidade de continuar cos seus estudos no Concello, tendo que trasladarse a núcleos máis grandes de poboación afastados dos seus núcleos familiares.

O escaso número de alumnado facilita unha atención personalizada pero tamén pode constituír unha desvantaxe para realización de determinadas actividades grupais ou á hora de establecer relacións interpersoais ou de motivación.

## **2. CONSTITUCIÓN E INFORMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS.**

Con data do 21 de setembro de 2020, na reunión ordinaria do claustro do centro, constitúense os diferentes Departamentos Didácticos para o presente ano académico. No caso do Departamento de Matemáticas, este estará formado polo profesor Carlos Felipe Novo Presa, quen asumirá as funcións de Xefe de Departamento, correspondéndolle 13 horas semanais como profesor de Matemáticas, divididas como segue:

- 2º ESO (Matemáticas): 5 horas.
- 3º ESO (Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas): 4 horas.
- 4º ESO (Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas): 4 horas.

Así mesmo, noméase a Carlos Felipe Novo Presa como membro do Equipo de Recursos TIC e coordinador do Ámbito Científico.

### 3. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Os recursos didácticos básicos son os libros de texto. Ademais destes, o Departamento de Matemáticas dispón doutros materiais que facilitan o achegamento e comprensión das Matemáticas como son calculadoras, vídeos educativos sobre a materia e a súa historia, cartas numéricas, figuras xeométricas desmontables, tangrams, etc.

A lista de libros de texto para a ESO, por niveis, queda expresada na seguinte táboa:

CURSO	MATERIA	TÍTULO DO LIBRO	EDITORIAL	ISBN
1º ESO	Matemáticas	<i>Matemáticas 1. ESO.</i> <b>Aprender es crecer en conexión.</b>	Anaya	978-84-678-5073-4
2º ESO	Matemáticas	<i>Matemáticas 2. ESO.</i> <b>Aprender es crecer en conexión.</b>	Anaya	978-84-698-1728-5
3º ESO	Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas	<i>Matemáticas orientadas a las Enseñanzas Académicas 3. ESO.</i> <b>Aprender es crecer en conexión.</b>	Anaya	978-84-678-5817-4
4º ESO	Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas	<i>Matemáticas orientadas a las Enseñanzas Académicas 4. ESO.</i> <b>Aprender es crecer en conexión.</b>	Anaya	978-84-698-1876-3

#### **4. REFERENCIAS NORMATIVAS.**

- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29).
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29). No caso das programacións didácticas de Educación Primaria, Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9).
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).
- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).
- Orde do 28 de maio de 2018, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2018/19 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.



## **5. OBXECTIVOS DE ETAPA (ESO).**

- a. Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b. Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c. Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d. Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da responsabilidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e. Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f. Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos de coñecemento e da experiencia.
- g. Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h. Comprender e expresar con corrección, oralmente, e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iníciase no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i. Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l. Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m. Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á

súa conservación e á súa mellora.

n. Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ. Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o. Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## **6. ANO ACADÉMICO. DISTRIBUCIÓN DE SESIÓNS POR AVALIACIÓN E CURSO OU NIVEL.**

<b>AVALIACIÓN</b>	<b>1ª</b>	<b>2ª</b>	<b>3ª</b>	<b>TOTAL</b>
<b>Días Lectivos</b>	<b>56</b>	<b>54</b>	<b>60</b>	<b>170</b>
<b>Sesións por avaliación e nivel</b>				
<b>1º ESO</b>	<b>36</b>	<b>54</b>	<b>60</b>	<b>170</b>
<b>2º ESO</b>	<b>56</b>	<b>54</b>	<b>60</b>	<b>170</b>
<b>3º ESO</b>	<b>45</b>	<b>43</b>	<b>48</b>	<b>136</b>
<b>4º ESO</b>	<b>44</b>	<b>42</b>	<b>48</b>	<b>134</b>

## **7. APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS O CURSO PASADO POR CAUSA DO COVID-19**

### **1º ESO**

B3.1 Elementos básicos da xeometría do plano. Relacións e propiedades de figuras no plano: paralelismo e perpendicularidade.

B3.2 Ángulos e as súas relación.

B3.4 Figuras planas elementais: triángulo, cadrado e figuras poligonais.

B3.5 Clasificación de triángulos e cuadriláteros. Propiedades e relación.

B3.6 Medida e cálculo de ángulos de figuras planas.

B3.7 Cálculo de áreas e perímetros de figuras planas. Cálculo de áreas por descomposición en figuras simples.

B3.8 Circunferencia, círculo, arcos e sectores circulares.

B4.1 Coordenadas cartesianas: representación e identificación de puntos nun sistema de eixes coordenados.

B4.2 Concepto de función: variable dependente e independente. Formas de presentación (linguaxe habitual, táboa, gráfica e fórmula).

B4.3 Funcións lineais. Cálculo, interpretación e identificación da pendente da recta. Representacións da recta a partir da ecuación.

### **2º ESO**

B3.1 Triángulos rectángulos. Teorema de Pitágoras. Xustificación xeométrica e aplicacións.

B3.2 Semellanza: figuras semellantes. Criterios de semellanza. Razón de semellanza e escala. Razón entre lonxitudes, áreas e volumes de corpos semellantes.

B3.3 Poliedros e corpos de revolución: elementos característicos; clasificación. Áreas e volumes.

B4.1.1 Concepto de función: variable dependente e independente; formas de presentación (linguaxe habitual, táboa, gráfica e fórmula).

B4.1.1 Crecemento e decrecemento; continuidade e discontinuidade; cortes cos eixes; máximos e mínimos relativos. Análise e comparación de gráficas.

B4.2 Funcións lineais. Cálculo, interpretación e identificación da pendente da recta. Representacións da recta a partir da ecuación e obtención da ecuación a partir dunha recta.

B5.1 Frecuencias absolutas, relativas e acumuladas.

B5.2 Organización en táboas de datos recollidos nunha experiencia.

B5.3 Diagramas de barras e de sectores. Polígonos de frecuencias; diagramas de caixa e bigotes.

B5.4 Medidas de tendencia central.

### **3º ESO**

B4.7 Funcións cuadráticas. Representación gráfica. Utilización para representar situacións da vida cotiá.

B3.3 Xeometría do plano.

B3.4 Teorema de Tales. División dun segmento en partes proporcionais. Aplicación á resolución de problemas.

B3.1 Xeometría do espazo: poliedros e corpos de revolución.

B3.5 Xeometría do espazo: áreas e volumes.

B5.1 Fases e tarefas dun estudo estatístico. Poboación e mostra. Variables estatísticas: cualitativas, discretas e continuas.

B5.3 Frecuencias absolutas, relativas e acumuladas. Agrupación de datos en intervalos.

B5.4 Gráficas estatísticas.

B5.5 Parámetros de posición: cálculo, interpretación e propiedades.

B5.6 Parámetros de dispersión: cálculo, interpretación e propiedades.

B5.8 Interpretación conxunta da media e a desviación típica.

### **3º ESO**

B5.1 Introducción á combinatoria: combinacións, variacións e permutacións.

B5.2 Cálculo de probabilidades mediante a regra de Laplace e outras técnicas de recuento.

B5.3 Probabilidade simple e composta. Sucesos dependentes e independentes.

B5.4 Experiencias aleatorias compostas. Utilización de táboas de continxencia e diagramas de árbore para a asignación de probabilidades.

B5.5 Probabilidade condicionada.

B5.7 Identificación das fases e as tarefas dun estudo estatístico.

B5.8 Gráficas estadísticas: tipos de gráficas. Análise crítica de táboas e gráficas estadísticas nos medios de comunicación e en fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.).

B5.9 Medidas de centralización e dispersión: interpretación, análise e utilización.

B5.10 Comparación de distribucións mediante o uso conxunto de medidas de posición e dispersión.

B5.11 Construción e interpretación de diagramas de dispersión. Introducción á correlación.

B5.12 Aplicacións informáticas que faciliten o tratamento de datos estadísticos.

**A CAUSA DA SITUACIÓN XERADA POLA COVID-19, E TAL E COMO SE SINALA NESTE PUNTO 7 DESTA PROGRAMACIÓN, ALGÚNS CONTIDOS NON PUIDERON SER IMPARTIDOS NO CURSO 2019-2020. DADO QUE A MAIORÍA DOS CONTIDOS ESENCIAIS NON IMPARTIDOS VOLVEN SER OBXECTO DE ESTUDO NESTE CURSO, O PROFESOR IMPARTIRÁ ESTES CONTIDOS CUN ESPECIAL REFORZO NO MOMENTO QUE CORRESPONDA IMPARTILOS SEGUNDO A PRESENTE PROGRAMACIÓN.**

## 8. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

### 1º ESO. Matemáticas.

Avaliacións	UNIDADES DIDÁCTICAS			REFERENCIA LIBRO TEXTO	Temporalización		
	UD	Bloque	CONTIDOS		Mes	Nº sesións	
		<b>B1</b>	<b>BLOQUE 1: Procesos, métodos e actitudes matemáticas</b>				
<b>TODAS</b>	<b>1</b>	B1.1	Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas		TODOS	2	
		B1.2	Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc			3	
		B1.3	Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc			2	
		B1.4	Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes			3	
		B1.5	Práctica dos procesos de elaboración de modelos matemáticos, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo			2	
		B1.6	Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico			4	
	<b>2</b>	B1.7	Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: – Recollida ordenada e organización de datos – Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos – Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico – Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas – Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e as conclusións obtidos – Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas				8
		<b>B2</b>	<b>BLOQUE 2: Números e álgebra</b>				
<b>1ª</b>	<b>3</b>	B2.10	Divisibilidade dos números naturais: criterios de divisibilidade		SET	3	
		B2.11	Números primos e compostos. Descomposición dun número en factores. Descomposición en factores primos			3	
		B2.12	Múltiplos e divisores comúns a varios números. Máximo común divisor e mínimo común múltiplo de dous ou máis números naturais		4		
		B2.1	Números negativos: significado e utilización en contextos reais		2		
		B2.2	Números enteiros: representación, ordenación na recta numérica e operacións. Operacións con calculadora		2		
		B2.3	Fraccións en ámbitos cotiáns. Fraccións equivalentes. Comparación de fraccións. Representación, ordenación e operacións			2	

	4	B2.4	Números decimais: representación, ordenación e operacións			2		
		B2.5	Relación entre fraccións e decimais. Conversión e operacións			2		
		B2.6	Potencias de números enteiros e fraccionarios con expoñente natural: operacións			3		
		B2.7	Cadrados perfectos. Raíces cadradas. Estimación e obtención de raíces aproximadas			2		
	5	B2.8	Xerarquía das operacións			OUT	2	
		B2.9	Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora ou outros medios tecnolóxicos			2		
		B2.13	Potencias de números enteiros e fraccionarios con expoñente natural: operacións			3		
		B2.14	Potencias de base 10. Utilización da notación científica para representar números grandes			2		
	6	B2.15	Cálculos con porcentaxes (mental, manual e con calculadora). Aumentos e diminucións porcentuais				3	
		B2.16	Razón, proporción e taxa. Taxa unitaria. Factores de conversión. Magnitudes directamente proporcionais. Constante de proporcionalidade				3	
		B2.17	Resolución de problemas nos que interveña a proporcionalidade directa ou variacións porcentuais. Repartición directamente proporcional				3	
	7	B2.18	Iniciación á linguaxe alxébrica				2	
		B2.19	Tradución de expresións da linguaxe cotiá, que representen situacións reais, á alxébrica, e viceversa				NOV	2
		B2.20	Significados e propiedades dos números en contextos diferentes ao do cálculo: números triangulares, cadrados, pentagonais, etc				3	
B2.21		A linguaxe alxébrica para xeneralizar propiedades e simbolizar relacións. Obtención de fórmulas e termos xerais baseada na observación de pautas e regularidades. Valor numérico dunha expresión alxébrica	5					
B2.22		Ecuacións de primeiro grao cunha incógnita (métodos alxébrico e gráfico). Resolución. Interpretación das solucións. Ecuacións sen solución. Resolución de problemas.	DEC				6	
2ª	B3	<b>BLOQUE 3: Xeometría</b>						
	8	B3.1	Elementos básicos da xeometría do plano. Relacións e propiedades de figuras no plano: paralelismo e perpendicularidade				2	
		B3.2	Ángulos e as súas relacións				3	
		B3.3	Construcións xeométricas sinxelas: mediatriz e bisectriz. Propiedades				2	
		B3.4	Figuras planas elementais: triángulo, cadrado e figuras poligonais				3	
		B3.5	Clasificación de triángulos e cuadriláteros. Propiedades e relacións				3	
		B3.6	Medida e cálculo de ángulos de figuras planas				XAN	3
		B3.7	Cálculo de áreas e perímetros de figuras planas. Cálculo de áreas por descomposición en figuras simples				6	
		B3.8	Circunferencia, círculo, arcos e sectores circulares				3	
	9	B3.9	Poliedros e corpos de revolución: elementos característicos e clasificación. Áreas e volumes				5	
B3.10		Propiedades, regularidades e relacións dos poliedros. Cálculo de lonxitudes, superficies e volumes do mundo físico	FEB				3	

	B3.11	Uso de ferramentas informáticas para estudar formas, configuracións e relacións xeométricas			5
	<b>B4</b>	<b>BLOQUE 4: Funcións</b>			
	B4.1	Coordenadas cartesianas: representación e identificación de puntos nun sistema de eixes coordenados		MAR	5
	B4.2	Concepto de función: variable dependente e independente.			4
	B4.2	Formas de presentación (linguaxe habitual, táboa, gráfica e fórmula).			5
<b>10</b>	B4.3	Funcións lineais. Cálculo, interpretación e identificación da pendente da recta. Representacións da recta a partir da ecuación e obtención da ecuación a partir dunha recta			5
	B4.4	Utilización de calculadoras gráficas e software específico para a construción e a interpretación de gráficas			3
	<b>B5</b>	<b>BLOQUE 5: Estatística e probabilidade</b>			
	B5.1	Poboación e individuo. Mostra. Variables estatísticas		ABR	1
	B5.2	Variables cualitativas e cuantitativas			1
	B5.3	Frecuencias absolutas, relativas e acumuladas			3
	B5.4	Organización en táboas de datos recollidos nunha experiencia			3
<b>3<sup>a</sup></b>	B5.5	Diagramas de barras e de sectores. Polígonos de frecuencias			3
	B5.6	Medidas de tendencia central			5
	B5.7	Utilización de calculadoras e ferramentas tecnolóxicas para o tratamento de datos, creación e interpretación de gráficos e elaboración de informes			6
	B5.8	Fenómenos deterministas e aleatorios		MAIO	4
	B5.9	Formulación de conxecturas sobre o comportamento de fenómenos aleatorios sinxelos e deseño de experiencias para a súa comprobación			5
<b>12</b>	B5.10	Frecuencia relativa dun suceso e a súa aproximación á probabilidade mediante a simulación ou experimentación.		XUÑO	5
	B5.11	Sucesos elementais equiprobables e non equiprobables			3
	B5.12	Espazo mostral en experimentos sinxelos. Táboas e diagramas de árbore sinxelos.			4
	B5.13	Cálculo de probabilidades mediante a regra de Laplace en experimentos sinxelos.			5



2º ESO. Matemáticas.

Avaliacións	UNIDADES DIDÁCTICAS		REFERENCIA LIBRO TEXTO	Temporalización		
	UD	Bloque		CONTIDOS	Mes	Nº sesións
		<b>B1</b>	<b>BLOQUE 1: Procesos, métodos e actitudes matemáticas</b>			
TODAS	1	B1.1	Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas		TODOS	4
		B1.2	Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc			4
		B1.3	Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc			4
		B1.4	Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes			3
		B1.5	Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo			3
		B1.6	Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico			4
	2	B1.7	Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: – Recollida ordenada e organización de datos – Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos – Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico – Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas – Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e as conclusións obtidos – Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas			8
		<b>B2</b>	<b>BLOQUE 2: Números e álgebra</b>			
1ª		B2.10	Divisibilidade dos números naturais: criterios de divisibilidade			3
		B2.111	Números primos e compostos. Descomposición dun número en factores. Descomposición en factores primos		SET	3
	3	B2.12	Múltiplos e divisores comúns a varios números. Máximo común divisor e mínimo común múltiplo de dous ou máis números naturais			4
		B2.1	Números enteiros: representación, ordenación na recta numérica e operacións. Operacións con calculadora ou outros medios tecnolóxicos.			8
	4	B2.2	Fraccións en ámbitos cotiáns. Fraccións equivalentes. Comparación de fraccións. Representación, ordenación e operacións.			4
		B2.3	Números decimais: representación, ordenación e operacións.			4
		B2.4	Relación entre fraccións e decimais. Conversión e operacións.			2
		B2.5	Potencias de números enteiros e fraccionarios con expoñente natural: operacións.			2
	B2.6	Potencias de base 10. Utilización da notación científica para representar números grandes.		OUT	1	

		B2.7	Cadrados perfectos. Raíces cadradas. Estimación e obtención de raíces aproximadas.			4
		B2.8	Xerarquía das operacións.			2
		B2.9	Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora.			2
	5	B2.10	Cálculos con porcentaxes (mental, manual e con calculadora). Aumentos e diminucións porcentuais.		NOV	4
		B2.11	Razón, proporción e taxa. Taxa unitaria. Factores de conversión. Magnitudes directa e inversamente proporcionais. Constante de proporcionalidade.			4
		B2.12	Resolución de problemas nos que interveña a proporcionalidade directa ou inversa, ou variacións porcentuais. Reparticións directa e inversamente proporcionais			4
	6	B2.13	Tradución de expresións da linguaxe cotiá que representen situacións reais, á alxébrica, e viceversa.		DEC	3
		B2.14	Significados e propiedades dos números en contextos diferentes ao do cálculo (números triangulares, cadrados, pentagonais, etc.).			3
		B2.15	Linguaxe alxébrica para xeneralizar propiedades e simbolizar relacións. Obtención de fórmulas e termos xerais baseada na observación de pautas e regularidades. Valor numérico dunha expresión alxébrica.			4
		B2.16	Operacións con expresións alxébricas sinxelas. Transformación e equivalencias. Identidades. Operacións con polinomios en casos sinxelos.			4
2ª	7	B2.17	Ecuacións de primeiro grao cunha incógnita e de segundo grao cunha incógnita. Resolución por distintos métodos. Interpretación das solucións. Ecuacións sen solución. Resolución de problemas.		XAN	8
		B2.18	Sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas. Métodos alxébricos de resolución e método gráfico. Resolución de problemas.			8
		B3	<b>BLOQUE 3: Xeometría</b>			
	8	B3.1	Triángulos rectángulos. Teorema de Pitágoras. Xustificación xeométrica e aplicacións.		FEB	5
		B3.2	Semellanza: figuras semellantes. Criterios de semellanza. Razón de semellanza e escala. Razón entre lonxitudes, áreas e volumes de corpos semellantes.			6
	9	B3.3	Poliedros e corpos de revolución: elementos característicos; clasificación. Áreas e volumes.			6
		B3.4	Propiedades, regularidades e relacións dos poliedros. Cálculo de lonxitudes, superficies e volumes do mundo físico.			6
		B3.5	Uso de ferramentas informáticas para estudar formas, configuracións e relacións xeométricas.			8
		B4	<b>BLOQUE 4: Funcións</b>			
	10	B4.1	1	Concepto de función: variable dependente e independente; formas de presentación (linguaxe habitual, táboa, gráfica e fórmula)		MAR
2			Crecemento e decrecemento; continuidade e discontinuidade; cortes cos eixes; máximos e mínimos relativos. Análise e comparación de gráficas.		4	
B4.2		Funcións lineais. Cálculo, interpretación e identificación da pendente da recta. Representacións da recta a partir da ecuación e obtención da ecuación a partir dunha recta.		6		
B4.3		Utilización de calculadoras gráficas e software específico para a construción e interpretación de gráficas.		2		

3 <sup>a</sup>	B5	BLOQUE 5: Estatística e probabilidade			
	11	B5.1	Frecuencias absolutas, relativas e acumuladas.		ABR
B5.2		Organización en táboas de datos recollidos nunha experiencia.		2	
B5.3		Diagramas de barras e de sectores. Polígonos de frecuencias; diagramas de caixa e bigotes		3	
B5.4		Medidas de tendencia central.		MAY	5
B5.5		Medidas de dispersión.			4
12	B5.6	Utilización de calculadoras e ferramentas tecnolóxicas para o tratamento de datos, creación e interpretación de gráficos e elaboración de informes.		MAY	4
	B5.7	Fenómenos deterministas e aleatorios.			4
	B5.8	Formulación de conxecturas sobre o comportamento de fenómenos aleatorios sinxelos e deseño de experiencias para a súa comprobación.		MAIO	3
	B5.9	Frecuencia relativa dun suceso e a súa aproximación á probabilidade mediante a simulación ou experimentación		XUN	4
	B5.10	Sucesos elementais equiprobables e non equiprobables.			4
	B5.11	Espazo mostral en experimentos sinxelos. Táboas e diagramas de árbore sinxelos.			4
	B5.12	Cálculo de probabilidades mediante a regra de Laplace en experimentos sinxelos.			XUÑO

### 3º ESO. Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas

Avaliacións	UNIDADES DIDÁCTICAS			REFERENCI A LIBRO TEXTO	Temporalización	
	UD	Bloque	CONTIDOS		Mes	Nº sesións
		<b>B1</b>	<b>BLOQUE 1: Procesos, métodos e actitudes matemáticas</b>			
<b>TODAS</b>	<b>1</b>	B1.1	Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas		TODOS	2
		B1.2	Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc			3
		B1.3	Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc			2
		B1.4	Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes			3
		B1.5	Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo			2
		B1.6	Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico			4
	<b>2</b>	B1.7	Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: – Recollida ordenada e organización de datos – Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos – Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico – Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas – Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e as conclusións obtidos – Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas		8	
		<b>B2</b>	<b>BLOQUE 2: Números e álgebra</b>			
<b>1ª</b>	<b>3</b>	B2.1	Números racionais. Transformación de fraccións en decimais e viceversa. Números decimais exactos e periódicos. Fracción xeratriz.		SET	5
		B2.2	Operacións con fraccións e decimais. Cálculo aproximado e redondeo. Cifras significativas. Erro absoluto e relativo.			4
		B2.6	Xerarquía de operacións.			2
		B2.3	Potencias de números racionais con expoñente enteiro. Significado e uso.			2
		B2.4	Potencias de base 10. Aplicación para a expresión de números moi pequenos. Operacións con números expresados en notación científica.			2
		B2.5	Raíces cadradas. Raíces non exactas. Expresión decimal. Expresións radicais: transformación e operacións.			4

	<b>4</b>	<b>B2.7</b>	<b>Investigación de regularidades, relacións e propiedades que aparecen en conxuntos de números. Expresión usando linguaxe alxébrica.</b>		OUT	2
		<b>B2.8</b>	Sucesións numéricas. Sucesións recorrentes Progresións aritméticas e xeométricas.			6
	<b>5</b>	<b>B2.9</b>	Transformación de expresións alxébricas. Igualdades notables. Operacións elementais con polinomios. Factorización de polinomios.		NOV	6
		<b>B2.10</b>	Ecuacións de segundo grao cunha incógnita. Resolución por distintos métodos.			4
		<b>B2.11</b>	Resolución de ecuacións sinxelas de grao superior a dous.		DEC	5
		<b>B2.12</b>	Resolución de sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas			6
		<b>B2.13</b>	Resolución de problemas mediante a utilización de ecuacións e sistemas de ecuacións.			3
<b>2ª</b>	<b>B3</b>	<b>BLOQUE 3: Xeometría</b>				
	<b>6</b>	<b>B3.2</b>	Uso de ferramentas pedagóxicas adecuadas, entre elas as tecnolóxicas, para estudar formas, configuracións e relacións xeométricas.		XAN	2
		<b>B3.3</b>	Xeometría do plano.			3
		<b>B3.4</b>	Teorema de Tales. División dun segmento en partes proporcionais. Aplicación á resolución de problemas.			5
		<b>B3.1</b>	Xeometría do espazo: poliedros e corpos de revolución.			2
		<b>B3.5</b>	Xeometría do espazo: áreas e volumes.			4
	<b>7</b>	<b>B3.6</b>	Translacións, xiros e simetrías no plano.			4
		<b>B3.7</b>	Xeometría do espazo. Elementos de simetría nos poliedros e corpos de revolución.			2
		<b>B3.8</b>	A esfera. Interseccións de planos e esferas			1
		<b>B3.9</b>	O globo terráqueo. Coordenadas xeográficas e fusos horarios. Latitude e lonxitude dun punto.		FEB	1
	<b>B4</b>	<b>BLOQUE 4: Funcións</b>				
	<b>8</b>	<b>B4.1</b>	Análise e descrición cualitativa de gráficas que representan fenómenos do ámbito cotián e doutras materias.			3
		<b>B4.2</b>	Análise dunha situación a partir do estudo das características locais e globais da gráfica correspondente.			3
		<b>B4.3</b>	Análise e comparación de situacións de dependencia funcional dadas mediante táboas e enunciados.			3
<b>B4.4</b>		Utilización de calculadoras gráficas e programas de computador para a construción e a interpretación de gráficas.		3		
<b>9</b>	<b>B4.5</b>	Utilización de modelos lineais para estudar situacións provenientes de diferentes ámbitos de coñecemento e da vida cotiá, mediante a confección da táboa, a representación gráfica e a obtención da expresión alxébrica.		MAR	3	
	<b>B4.6</b>	Expresións da ecuación da recta.			5	
	<b>B4.7</b>	Funcións cuadráticas. Representación gráfica. Utilización para representar situacións da vida cotiá.			5	
<b>B5</b>	<b>BLOQUE 5: Estatística e probabilidade</b>					
	<b>B5.1</b>	Fases e tarefas dun estudo estatístico. Poboación e mostra. Variables estatísticas: cualitativas, discretas e continuas.			2	

<b>3ª</b>	<b>10</b>	B5.2	Métodos de selección dunha mostra estatística. Representatividade dunha mostra.		ABRIL	2
		B5.3	Frecuencias absolutas, relativas e acumuladas. Agrupación de datos en intervalos.		2	
		B5.4	Gráficas estadísticas.		2	
		B5.5	Parámetros de posición: cálculo, interpretación e propiedades.		4	
		B5.6	Parámetros de dispersión: cálculo, interpretación e propiedades.		3	
		B5.7	Diagrama de caixa e bigotes.		1	
		B5.8	Interpretación conxunta da media e a desviación típica.		2	
		B5.9	Identificación das fases e tarefas dun estudo estatístico. Análise e descrición de traballos relacionados coa estatística, con interpretación da información e detección de erros e manipulacións.		MAIO	2
		B5.10	Utilización de calculadora e outros medios tecnolóxicos axeitados para a análise, a elaboración e a presentación de informes e documentos sobre informacións estatísticas nos medios de comunicación.			3
		<b>11</b>	B5.11		Experiencias aleatorias. Sucesos e espazo mostral.	
	B5.12		Cálculo de probabilidades mediante a regra de Laplace. Diagramas de árbore sinxelos. Permutacións; factorial dun número.		4	
	B5.13		Utilización da probabilidade para tomar decisións fundamentadas en diferentes contextos.	XUÑO	3	

## 4º ESO. Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas

Avaliacións	UNIDADES DIDÁCTICAS		REFERENCIA LIBRO TEXTO	Temporalización		
	UD	Bloque		CONTIDOS	Mes	Nº sesións
		<b>B1</b>	<b>BLOQUE 1: Procesos, métodos e actitudes matemáticas</b>			
TODAS	1	B1.1	Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas		TODOS	4
		B1.2	Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc			4
		B1.3	Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc			4
		B1.4	Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes			3
		B1.5	Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo			3
		B1.6	Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico			4
	2	B1.7	Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: – Recollida ordenada e organización de datos – Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos – Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico – Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas – Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e as conclusións obtidos – Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas			8
		<b>B2</b>	<b>BLOQUE 2: Números e álgebra</b>			
1ª	3	B2.1	Recoñecemento de números que non poden expresarse en forma de fracción. Números irracionais.		SET	2
		B2.2	Representación de números na recta real. Intervalos.			3
		B2.3	Interpretación e utilización dos números reais, as operacións e as propiedades características en diferentes contextos, elixindo a notación e a precisión máis axeitadas en cada caso.		OUT	3
		B2.4	Potencias de expoñente enteiro ou fraccionario e radicais sinxelos. Relación entre potencias e radicais.			3
		B2.5	Operacións e propiedades das potencias e dos radicais.			4
		B2.6	Xerarquía de operacións.			2
		B2.7	Cálculo con porcentaxes. Xuro simple e composto.			4
		B2.8	Logaritmos: definición e propiedades.			4
	4	B2.9	Manipulación de expresións alxébricas. Utilización de igualdades notables.			3
	B2.10	Polinomios. Raíces e factorización.			5	

		B2.12	Fraccións alxébricas. Simplificación e operacións.		NOV	4
	5	B2.11	Ecuacións de grao superior a dous.			3
		B2.13	Resolución de problemas cotiáns e doutras áreas de coñecemento mediante ecuacións e sistemas.			4
		B2.14	Inecuacións de primeiro e segundo grao. Interpretación gráfica. Resolución de problemas.			4
					DEC	4
		B3	<b>BLOQUE 3: Xeometría</b>			
	6	B3.1	Medidas de ángulos no sistema sesaxesimal e en radiáns.			2
		B3.2	Razóns trigonométricas. Relacións entre elas. Relacións métricas nos triángulos.			4
		B3.3	Aplicación dos coñecementos xeométricos á resolución de problemas métricos no mundo físico: medida de lonxitudes, áreas e volumes.			4
		B3.5	Semellanza. Figuras semellantes. Razón entre lonxitudes, áreas e volumes de corpos semellantes.			XAN
		B3.6	Aplicacións informáticas de xeometría dinámica que facilite a comprensión de conceptos e propiedades xeométricas.			3
		7	B3.4	Iniciación á xeometría analítica no plano: coordenadas. Vectores. Ecuacións da recta. Paralelismo; perpendicularidade.		
	B3.6		Aplicacións informáticas de xeometría dinámica que facilite a comprensión de conceptos e propiedades xeométricas.		3	
		B4	<b>BLOQUE 4: Funcións</b>			
	8	B4.1	Interpretación dun fenómeno descrito mediante un enunciado, unha táboa, unha gráfica ou unha expresión analítica. Análise de resultados.			3
		B4.2	Funcións elementais (lineal, cuadrática, proporcionalidade inversa, exponencial e logarítmica, e definidas en anacos): características e parámetros.			7
		B4.3	Taxa de variación media como medida da variación dunha función nun intervalo.			3
		B4.4	Utilización de calculadoras gráficas e software específico para a construción e a interpretación de gráficas.		MAR	2
		B5	<b>BLOQUE 5: Estatística e probabilidade</b>			
	9	B5.1	Introdución á combinatoria: combinacións, variacións e permutacións.			3
		B5.2	Cálculo de probabilidades mediante a regra de Laplace e outras técnicas de recuento.			4
		B5.3	Probabilidade simple e composta. Sucesos dependentes e independentes.			3
		B5.4	Experiencias aleatorias compostas. Utilización de táboas de continxencia e diagramas de árbore para a asignación de probabilidades.		ABR	4
		B5.5	Probabilidade condicionada.			3
		B5.6	Utilización do vocabulario adecuado para describir e cuantificar situacións relacionadas co azar e a estatística.			2
		B5.7	Identificación das fases e as tarefas dun estudo estatístico.			3



	<b>10</b>	B5.8	Gráficas estadísticas: tipos de gráficas. Análise crítica de táboas e gráficas estadísticas nos medios de comunicación e en fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.). Detección de falacias.		MAIO	4
		B5.9	Medidas de centralización e dispersión: interpretación, análise e utilización.			4
		B5.10	Comparación de distribucións mediante o uso conxunto de medidas de posición e dispersión.		XUÑO	4
		B5.11	Construción e interpretación de diagramas de dispersión. Introducción á correlación.			5
		B5.12	Aplicacións informáticas que faciliten o tratamento de datos estadísticos.			5

## 9. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, COMPETENCIAS CLAVE, ESTÁNDARES E ELEMENTOS TRANSVERSAIS

### 1º ESO. Matemáticas.

UD	Identif. contidos	Identif. criterios	Identific. Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Estándares de aprendizaxe avaliados/ Indicadores de logro (1)		Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación							Elementos transversais											
						Grao mínimo consecución	Peso na cualificación	Instrumento							El. transversal											
								Pr.oral	Pr.esc	Tr.ind	Tr.gru	Cader	Rúbr. (2)	Observ.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV					
1	B1.1	B1.1	MAB1.1.1	CCL,CMCCT	Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema.	40%	2%	20%							80%	x	x									
	B1.2	B1.2	MAB1.2.1	CMCCT	Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema).	70%	5%								100%	x	x							x		
	B1.3		MAB1.2.2	CMCCT	Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema.	50%	5%								100%	x	x	x	x							
			MAB1.2.3	CMCCT	Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas para resolver, valorando a súa utilidade e eficacia.	15%	2%		30%						70%		x					x				
			MAB1.2.4	CMCCT,CAA	Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución.	10%	5%				50%				50%		x					x	x			
	B1.2	B1.3	MAB1.3.1	CMCCT,CCEC	Identifica patróns, regulacións de cambio, para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, valorando a súa utilidade para facer predicións.	100%	5%			25%	50%				25%	x	x	x	x				x	x		
	B1.4		MAB1.3.2	CMCCT	Utiliza as leis matemáticas achadas para realizar simulacións e predicións sobre os resultados esperables, valorando a súa eficacia e idoneidade.	70%	5%				80%				20%	x	x							x		
	B1.3	B1.4	MAB1.4.1	CMCCT	Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas as importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución.	15%	5%								100%		x									
				MAB1.4.2	CMCCT,CAA	Formúlase novos problemas a partir dun resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade.	30%	5%							100%		x							x		
	B1.4	B1.5	MAB1.5.1	CCL,CMCCT	Expón e argumenta o proceso seguido, ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes (alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística)	70%	8%	80%							20%		x	x	x							
	B1.5	B1.6	MAB1.6.1	CMCCT,CSC	Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.	20%	2%				100%						x	x					x		x	
				MAB1.6.2	CMCCT,CSIEE	Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios.	70%	5%				100%						x						x		
				MAB1.6.3	CMCCT	Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas.	70%	5%				80%			20%		x	x	x					x		
				MAB1.6.4	CMCCT	Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.	100%	5%							100%		x									
				MAB1.6.5	CMCCT	Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia.	30%	5%		80%					20%		x							x		x
B1.5	B1.7	MAB1.7.1	CMCCT,CAA, CSC	Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valora outras opinións.	70%	5%								100%		x							x			
B1.5	B1.8	MAB1.8.1	CMCCT,CSIEE, CSC	Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).	100%	5%					80%			20%		x	x	x								
			MAB1.8.2	CMCCT	Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, o esmero e o interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.	70%	5%					90%		10%		x										
			MAB1.8.3	CMCCT	Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso.	70%	1%							100%		x										
